



INFORME CLIMATOLÓXICO

VERÁN 2010



En primeiro lugar móstrase un resumo dos datos de temperatura e precipitación rexistrados neste ano nos meses de xuño, xullo e agosto de forma individual:

MES DE XUÑO: Durante o mes de xuño as temperaturas teñen moita variabilidade dependendo da estación meteorolóxica que se teña en conta. Para as temperaturas máximas o mes pode considerarse normal en Santiago e Lugo; cálido en Coruña e Lourizán e frío en Ourense. Sen embargo nas temperaturas mínimas todas as estacións rexistraron temperaturas máis elevadas do agardado, resultando ser cálidas o moi cálidas.

En canto as precipitacións, estas foron normais na franxa Atlántica mentres que foron superiores no resto de Galicia, destacando o norte de Lugo no que o mes pódese considerarse moi húmido.

MES DE XULLO: As temperaturas foron superiores ao agardado tanto para as máximas como para as temperaturas mínimas. Resultando un mes moi cálido sobre todo no sur de Galicia. Cabe salientar as alertas por temperaturas extremas de finais do mes.

As precipitacións rexistradas acadaron valores normais en todo Galicia se ben o número de días de chuvia foi inferior ao agardado, destacando unha ausencia de precipitación xeneralizada na segunda quincena do mes.

MES DE AGOSTO: As temperaturas foron en xeral altas con respecto aos valores climáticos agardados debido principalmente, as numerosas xornadas consecutivas de tempo soleado nas tres primeiras semanas do mes. A cantidade de choiva rexistrada foi moi baixa así como o número de días de chuvia (precipitación > 1l/m²), chegando a considerarse o mes moi seco.

Na seguinte táboa se reflicte de forma cualitativa o acontecido nos meses de xuño e xullo e agosto de 2010.

Estacións		Coruña	Santiago EOAS	C. Lugo	Lourizán	Ourense ciencias
Tmaxmedia	Xuño	cálido	normal	normal	cálido	frío
	Xullo	moi cálido	cálido	cálido	moi cálido	cálido
	Agosto	moi cálido	cálido	cálido	moi cálido	cálido
Tminmedia	Xuño	moi cálido	cálido	normal	moi cálido	moi cálido
	Xullo	moi cálido	cálido	cálido	moi cálido	moi cálido
	Agosto	moi cálido	normal	cálido	moi cálido	moi cálido
Precipitación	Xuño	húmido	normal	moi húmido	normal	húmido
	Xullo	normal	normal	normal	normal	normal
	Agosto	moi seco	moi seco	moi seco	moi seco	moi seco

Táboa I: Descrición da temperatura e precipitación en xuño e xullo do 2010

Os resultados que se mostran na táboa se calculan con respecto ó período climático de referencia (1973-2003).



Táboa resumo dos valores acadados en temperatura e precipitacións.

Temperatura (°C) e precipitación (l/m2) verán 2010						
		Campus Lugo	Coruña	EOAS	Lourizán	Ourense
Tª media	xuño	16.2	17.3	17.2	18.8	19.8
	xullo	18.8	19.4	19.4	21.6	22.5
	agosto	19.2	19.8	19.7	21.4	22.8
	verán	18.1	18.8	18.8	20.6	21.7
	Promedio período 73-03	18.5	18.3	19.0	19.4	21.3
Tª máxima	xuño	22.4	20.3	22.5	24.5	26.0
	xullo	25.4	22.8	25.8	28.4	30.2
	agosto	26.6	23.5	26.2	28.7	31.0
	verán	24.8	22.2	24.8	27.2	29.1
	Promedio período 73-03	24.4	21.5	24.2	25.0	28.9
Tª mínima	xuño	11.4	14.8	12.7	14.0	14.0
	xullo	13.9	16.4	14.7	15.8	16.5
	agosto	13.7	16.7	14.7	15.8	16.0
	verán	13.0	16.0	14.0	15.2	15.5
	Promedio período 73-03	12.6	15.2	13.8	13.7	13.8
Precipitación	xuño	124	62	56	63	41
	xullo	27	27	27	23	12
	agosto	4	7	10	3	1
	verán	155	96	93	89	54
	Promedio período 73-03	95	107	146	139	78

Valores climáticos (1973-2003) en series históricas de referencia*.

VERANO

A Coruña

Santiago-Astronómico**

Lourizán

Lugo

Ourense

* series da "Agencia Estatal de Meteorología" agás Lourizán, da rede de Meteogalicia-CMATI

** valores climáticos obtidos excepcionalmente dende 1982



O verán de 2010 caracterízase por temperaturas en xeral superiores aos valores normais agardados. Así tendo en conta as temperaturas máximas o verán resultou moi cálido en Pontevedra e Coruña, sendo cálido en Santiago e normal en Lugo e Ourense. Este resultado é distinto no que corresponde as temperaturas mínimas onde para Lugo e Santiago resulta cálido e para o resto moi cálido, polo que se conclúe que en xeral as mínimas rexistradas foron superiores o valor agardado en toda Galicia sendo este un feito destacable neste informe.

En canto á precipitación o verán é seco ou moi seco no sur da provincia da Coruña, Pontevedra e Ourense co que respecta ó período de referencia 1973-2003, mentres que considérase normal no norte da provincia de Coruña e moi húmido no norte da provincia de Lugo debido, principalmente, as tormentas con grandes cantidades de precipitación que sufriu esta zona no mes de xuño.

Nota: As estacións das que se recollen os valores rexistrados neste verán pertencen á rede de estacións automáticas da Coruña, Campus Lugo, Lourizán, Ourense-ciencias, Santiago-EOAS, de MeteoGalicia-CMATI¹.

**Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas
Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental
Xunta de Galicia**

¹ CMATI (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas).